

# CMUS Profesional de Viveiro



CONCELLO DE VIVEIRO



**PROGRAMACIÓN**

**GUITARRA ELÉCTRICA**

## ÍNDICE

INTRODUCCIÓN.....	6
1. METODOLOXÍA.....	7
1.1. METODOLOXÍA A EMPREGAR .....	7
1.2. ORIENTACIÓN PEDAGÓXICA DA CLASE COLECTIVA.....	8
1.3. ACTIVIDADES PROPOSTAS DE CARÁCTER INTERDISCIPLINAR .....	8
1.4. ORGANIZACIÓN DO TEMPO E DO ESPAZO .....	9
1.4.1. Organización do tempo.....	9
1.4.2. Organización do espazo .....	9
2. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE .....	11
3. TEMAS TRANSVERSAIS .....	13
3.1. EDUCACIÓN EN VALORES.....	13
3.2. TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN A DA COMUNICACIÓN (TICS).....	14
4. ACTIVIDADES CULTURAI E DE PROMOCIÓN DAS ENSIANZAS .....	16
4.1. ACTIVIDADES EXTRA-ESCOLARES PARA O DESENVOLVEMENTO ARTÍSTICO.....	16
4.2. ACTIVIDADES EXTRA-ESCOLARES PARA O DESENVOLVEMENTO PERSOAL .....	17
5. SECUENCIACIÓN DO CURSO.....	18
5.1. ► 1º CURSO GRAO ELEMENTAL.....	19
5.1.1. Obxetivos.....	19
5.1.2. Contidos.....	19
5.1.3. Avaliación.....	19
5.1.4. Medidas de Recuperación .....	23
5.1.5. Recursos Didácticos.....	24
5.2. ► 2º CURSO GRAO ELEMENTAL.....	27
5.2.1. Obxetivos.....	27
5.2.2. Contidos.....	27
5.2.3. Avaliación.....	27

5.2.4.	<i>Medidas de Recuperación</i> .....	31
5.2.5.	<i>Recursos Didácticos</i> .....	32
5.3.	➤ 3º CURSO GRAO ELEMENTAL.....	35
5.3.1.	<i>Obxetivos</i> .....	35
5.3.2.	<i>Contidos</i> .....	35
5.3.3.	<i>Avaliación</i> .....	35
5.3.4.	<i>Medidas de Recuperación</i> .....	39
5.3.5.	<i>Recursos Didácticos</i> .....	40
5.4.	➤ 4º CURSO GRAO ELEMENTAL.....	42
5.4.1.	<i>Obxetivos</i> .....	42
5.4.2.	<i>Contidos</i> .....	42
5.4.3.	<i>Avaliación</i> .....	42
5.4.4.	<i>Medidas de Recuperación</i> .....	46
5.4.5.	<i>Recursos Didácticos</i> .....	47
5.5.	➤ 1º CURSO GRAO PROFESIONAL .....	50
5.5.1.	<i>Obxetivos</i> .....	50
5.5.2.	<i>Contidos</i> .....	50
5.5.3.	<i>Avaliación</i> .....	51
5.5.4.	<i>Medidas de Recuperación</i> .....	55
5.5.5.	<i>Recursos Didácticos</i> .....	56
5.6.	➤ 2º CURSO GRAO PROFESIONAL .....	58
5.6.1.	<i>Obxetivos</i> .....	58
5.6.2.	<i>Contidos</i> .....	58
5.6.3.	<i>Avaliación</i> .....	59
5.6.4.	<i>Medidas de Recuperación</i> .....	63
5.6.5.	<i>Recursos Didácticos</i> .....	64
5.7.	➤ 3º CURSO GRAO PROFESIONAL .....	66
5.7.1.	<i>Obxetivos</i> .....	66

5.7.2.	<i>Contidos</i> .....	66
5.7.3.	<i>Avaliación</i> .....	67
5.7.4.	<i>Medidas de Recuperación</i> .....	71
5.7.5.	<i>Recursos Didácticos</i> .....	72
5.8.	➤ 4º CURSO GRAO PROFESIONAL .....	74
5.8.1.	<i>Obxetivos</i> .....	74
5.8.2.	<i>Contidos</i> .....	74
5.8.3.	<i>Avaliación</i> .....	75
5.8.4.	<i>Medidas de Recuperación</i> .....	79
5.8.5.	<i>Recursos Didácticos</i> .....	80
5.9.	➤ 5º CURSO GRAO PROFESIONAL .....	82
5.9.1.	<i>Obxetivos</i> .....	82
5.9.2.	<i>Contidos</i> .....	82
5.9.3.	<i>Avaliación</i> .....	83
5.9.4.	<i>Medidas de Recuperación</i> .....	87
5.9.5.	<i>Recursos Didácticos</i> .....	88
5.10.	➤ 6º CURSO GRAO PROFESIONAL .....	90
5.10.1.	<i>Obxetivos</i> .....	90
5.10.2.	<i>Contidos</i> .....	90
5.10.3.	<i>Avaliación</i> .....	91
5.10.4.	<i>Medidas de Recuperación</i> .....	95
5.10.5.	<i>Recursos Didácticos</i> .....	96
6.	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.....	98
7.	PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO .....	99
8.	ANEXOS .....	100
8.1.	CRITERIOS PARA A OBTENCIÓN DOS PREMIOS DE FIN DE GRAO.....	100
8.2.	PROBAS DE ACCESO DE 1º DE GRAO PROFESIONAL .....	102
8.3.	PROBAS DE ACCESO.....	104

➤ CURSO 2º G. E. ....	104
➤ CURSO 3º G. E. ....	106
➤ CURSO 4º G. E. ....	108
➤ CURSO 1º G. P. ....	110
➤ CURSO 2º G. P. ....	112
➤ CURSO 3º G. P. ....	114
➤ CURSO 4º G. P. ....	116
➤ CURSO 5º G. P. ....	118
➤ CURSO 6º G. P. ....	120
8.4. BIBLIOGRAFÍA.....	122

## INTRODUCCIÓN

As ensinanzas artísticas reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, ten por finalidade promocionalle ao alumnado unha formación artística de calidade, así como a de garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, no seu artigo 6.2 atribúe ao Goberno fixar as ensinanzas mínimas, que constitúen os aspectos básicos do currículo, co fin de garantir unha formación común a todos os alumnos e a validez dos títulos correspondentes. Así mesmo, o artigo 6.4 determina que as administracións educativas competentes establecerán o currículo das distintas ensinanzas reguladas pola mesma, que deberá incluír os aspectos básicos relativos aos obxectivos, contidos e criterios de avaliación que constitúen as ensinanzas mínimas.

O Real Decreto 1577/2006, do 22 de decembro, fixa os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas pola LOE.

O Decreto 198/2007, do 27 de setembro, establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, e o seu currículo para o ámbito de competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Neste decreto establécese que a finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

O Decreto 203/2007, do 27 de setembro, establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música na Comunidade Autónoma de Galicia. Neste decreto establécese que a finalidade das ensinanzas profesionais de música é a de proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, e ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

A presente programación da concreción aos anteriores decretos a nivel de centro, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste departamento.

## 1. METODOLOXÍA

Os resultados que pretendemos acadar, as competencias básicas do currículo, son o referencia que nos guiará para decidir acerca dese conxunto ordenado de operacións que debemos levar a cabo. Unha interpretación consciente, uns coñecementos que crecen cada día, unha actitude positiva e dinámica fronte ao estudo, tales son as metas que nos propoñemos alcanzar nesta materia.

Ao longo da historia da evolución da guitarra en xeral e da guitarra eléctrica en particular, ten habido distintos métodos para a aprendizaxe da súa técnica, variedade de estilos, distintas visións de abordar a práctica deste instrumento, pedagogías e escolas. Actualmente, trátase de combinar todas estas vertentes e da realización de exercicios, estudos e obras, conxuntamente cun análise o máis rigoroso posible das mesmas, coa finalidade de achegarmos a esa comprensión e interpretación consciente que pretendemos.

Neste proceso, deberase fomentar a creatividade do alumnado dende o primeiro momento, estimulándoo no estudo de todas estas cuestións e dos diferentes estilos, de xeito que, pouco a pouco, se vaian introducindo novos elementos e novos coñecementos e prácticas. A fin de contas, trataríase de acadar a maior musicalidade e desenvolvemento das competencias do alumnado dentro do ámbito musical.

A metodoloxía apoiarase nos seguintes principios metodolóxicos:

- A formación individual e personalizada.
- A aplicación dunha educación en valores.
- A autonomía pedagóxica
- Desenvolvemento dunha metodoloxía activa e de participación.
- A formación e desenvolvemento do espírito crítico.
- Desenvolvemento da capacidade creativa.
- Mostra da utilidade do aprendido.
- A orientación educativa.
- A participación e colaboración de compañeiros, familias e titores.

O profesor debe ser imaxinativo para crear xogos e actividades que permitan o traballo dos contidos a acadar. A motivación é esencial para que o alumno sinta a necesidade de continuar na indagación das posibilidades expresivas que lle ofrece a guitarra.

### 1.1. Metodoloxía a empregar

- a) Análise do traballo realizado polo alumno ao longo da semana.
- b) Control da posición, afinación e realización de exercicios técnicos.
- c) Revisión e análise do material traballado, valorando o método de estudo.
- d) Corrección e aprendizaxe das pezas mediante elementos illados.
- e) Traballo de diferentes tipos de memoria.
- f) Desenvolvemento do traballo realizado mediante variacións dalgún elemento da obra (*improvisación rítmica, harmónica, etc*).
- g) No caso de ser apropiado, iniciación de novos traballos musicais.

- h) Lectura a primeira vista.
- i) Práctica de conxunto.
- j) Realización de audicións trimestrais obrigatorias.
- k) Participación en concertos.
- l) Asistencia a outras audicións ou concertos e realización de traballos escritos sobre as obras escoitadas e as interpretacións.
- m) Probas trimestrais obrigatorias de técnica e lectura.

## 1.2. Orientación Pedagóxica da Clase Colectiva

O citado Decreto establece que “cando as condicións o permitan, o alumnado dunha mesma especialidade recibirá unha clase colectiva de 60 minutos á semana”. A clase colectiva é necesaria para cubrir determinados aspectos esenciais na formación do alumno. O traballo en grupo obriga ao alumno a non atoparse ignorante do que sucede ao seu ao redor e fomenta nel o compañeirismo. Ten tamén un carácter de apoio e de estímulo para os seus participantes, pois nelas trabállanse materias coas que o alumno comprende mellor o mundo da guitarra e da música. Deste xeito séntese máis integrado no centro e, como resultado, estuda máis e mellor.

As materias a tratar alternaranse cun criterio totalmente flexible e aberto, tratando de estimular ao alumno para que posteriormente afondar e investigue sobre os temas tratados, que poden ser:

- Realización e potenciación do traballo sobre a técnica elemental da guitarra: articulación, pulsación, independencia dos dedos, coordinación de ambas mans, arpejos, ligados, etc.
- Lectura a primeira vista.
- Música de Cámara.
- Audicións, música comparada, xeneralizacións sobre diferentes épocas e autores, evolución da guitarra eléctrica, etc.
- Outros:

Improvisación.

Adestramento auditivo.

Desenvolvemento da memoria musical.

Métodos de estudo

Actitude á hora de tocar en público, etc.

## 1.3. Actividades propostas de Carácter Interdisciplinar

- Asistencia dos alumnos aos concertos e actos organizados polo Conservatorio.
- Realización de audicións de alumnos.
- Organización de cursos ou concertos con intérpretes e profesionais recoñecidos (*pendente sempre da aprobación do Consello Escolar*).
- Agás imprevistos, a semana anterior a cada avaliación dedicárase ás probas de técnica e lectura e á celebración das audicións obrigatorias. Tódolos alumnos terán que participar en cada unha destas tres sesións de audicións. Para os alumnos de grao profesional será



ademais obrigatorio realizar as probas de técnica e lectura. Durante esas semanas suspenderanse as clases individuais, colectivas de guitarra e de conxunto de guitarras.

## 1.4. Organización do tempo e do espazo

### 1.4.1. Organización do tempo

Se contamos con que un curso académico consta de trinta semanas aproximadamente, este sería o número de sesións dedicadas á materia de Guitarra Eléctrica, a razón dunha hora semanal. De todas elas, tres dedicaríanse ás actividades de avaliación, cada unha delas trimestral.

En canto á organización da cada unha das sesións, estas estruturaránse en:

- a) Presentación da peza, estudo ou exercicios dos que se vai a tratar.
- b) Explicación práctica dos contidos concretos e da técnica adecuada para achegarnos á interpretación.
- c) Recapitulación das ideas principais.
- d) Proposta de traballos para axudar a comprender mellor o aprendido na sesión.
- e) Corrección dos traballos da sesión anterior e repaso e revisión de contidos anteriores.

### 1.4.2. Organización do espazo

Un aspecto importante para o bo funcionamento da clase é a situación dos recursos materiais da aula no espazo. Se as características da aula o permiten, será moi eficaz dispor o mobiliario (cadeiras, atrís...) formando un "V" ou un ángulo recto. Esta disposición é idónea para que o alumnado estea en contacto directo e permite, ademais, un maior achegamento da docencia, o que redundará nunha maior atención, escoita activa e participación na clase.

Os materiais curriculares de uso cotiá na aula permitirán a óptima realización da actividade académica. O equipamento básico nas aulas do Departamento de Corda Pulsada, para a materia de Guitarra Eléctrica, debe ser o seguinte:

- Guitarra Eléctrica,
- Amplificador,
- Cables jack,
- Púas,
- Afinador,
- Atril,
- Banco/s repousapés,
- Cadeiras axeitadas,
- Lapis e outros artigos de escritura, goma de borrar, etc,
- Partituras, Libros, Métodos, Manuais, e outras publicacións,
- Metrónomo,
- Reprodutor CD/Mp3,
- Cds, lapis memoria USB,
- Repostos Guitarra (cordas, limpadores, etc),

- Limas e outros artigos para o coidado das uñas, se procedera.

O profesor tamén precisará para a súa labor determinado equipamento de cara a ter perfectamente arquivado o diverso material curricular, ter de cara ao público e o alumnado toda a información académica pertinente e un lugar propio de traballo onde realizar distintas labores propias das súas obrigacións:

- Mesa de traballo,
- Estantes,
- Cortiza,
- Caixóns, arquivadores, etc.

O Departamento de Corda Pulsada habilitará así mesmo un espazo, accesible a tódolos alumnos e ao público en xeral, onde se colocará un Taboleiro co gallo de informar de tódalas actividades, audicións, concertos, programacións, repertorio e calquera outra cousa que teña que ver coa vida académica do centro en xeral e do Departamento en particular.

## 2. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade constitúe un reto necesario de resposta de educación de calidade de todo centro escolar. No conservatorio se reconece a heteroxeneidade como algo positivo e enriquecedor no marco da calidade total. O recoñecemento das diversidades existentes (capacidade, motivación, interese, estilos de aprendizaxe, ritmos, valores culturais...) constitúen o punto do que partimos para evitar que as diferenzas se convertan en desigualdades e desvantaxes entre o alumnado. A realidade educativa actual é complexa, variable e acolle, a un alumnado igualmente diverso. O principio de "Atención á diversidade" enténdese dende as seguintes formulacións:

1. As diferenzas individuais no proceso de aprendizaxe constitúen un aspecto da condición humana. A diversidade é, polo tanto, unha característica de tódolos alumnos e non só duns poucos.
2. Tódolos alumnos necesitan axudas psicopedagóxicas ao longo da súa escolarización, ben sexan de tipo persoal ou técnico ou material, co obxecto de conseguir os fins da Educación. Polo tanto, o factor que marca as diferenzas fai referencia ao tipo e grao de axudas precisas.
3. As necesidades educativas dos alumnos se presentan sempre asociadas ás condicións persoais e particulares froito dunha interacción entre o individuo e seu entorno físico-social-cultural.

Así mesmo, as persoas que destacan ou sobresaen pola súa excepcionalidade intelectual podémolas englobar co termo "Altas Capacidades" pois é a característica máis xenérica do grupo. Estas persoas forman un grupo moi heteroxéneo. Podemos dicir que cada unha delas, en realidade coma todas, será un "caso único". As concepcións sobre a superdotación e talento foron modificándose en función dos diferentes modelos de intelixencia. Estes modelos podemos clasificalos en modelos baseados en capacidade, modelos baseados no rendemento, modelos cognitivos e modelos socioculturais.

A vía para o tratamento da diversidade é a adaptación curricular. Conxunto de accións dirixidas a adecuar o currículo ás necesidades dun alumno ou grupo determinado. Dependendo das circunstancias que se presenten no aula, o profesor poderá empregar as seguintes estratexias. A adaptación de obxectivos e contidos terá que respectar os mínimos exixibles fixados na programación.

A atención á diversidade leva implícita unha serie de medidas que son ofertadas dentro dunha estratexia común con diferentes opcións:

- a) O reforzo educativo é unha medida ordinaria de atención á diversidade que afecta a elementos non prescritivos do currículo, é dicir, á secuencia de contidos, ás formas e instrumentos de avaliación, á organización da aula, aos agrupamentos de alumnos e a todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía.
- b) Adaptacións do material didáctico: as modificacións dun ou de máis elementos prescritivos do currículo, como son os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, para atender as necesidades educativas dun alumno ou unha alumna motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal como polas súas capacidades excepcionais.
- c) Proponer actividades de traballo diferenciadas: O profesor fará unha análise dos contidos da materia e preparará actividades con distinto nivel de dificultade que permitan tratar estes mesmos contidos con esixencias distintas.
- d) Organizar o traballo de forma flexible e con ritmos distintos de aprendizaxe.

e) Acelerar o frear o ritmo de introdución de novos contidos adaptándose ao alumno individualmente.

No principio do curso académico, despois da matriculación, cada Departamento revisará a matrícula para detectar posibles casos de alumnado que requira unha atención especial. De acontecer así, e no caso do Departamento de Corda Pulsada realizárase a adaptación curricular correspondente na que se terán en conta os seguintes aspectos de acordo co tipo de circunstancia concreta (problemas e minusvalías motoras, cegueiras, etc):

- a) Programa adaptado.
- b) Material específico para uso de profesor e alumno na aula.
- c) Acomodo de horarios e aulas dispoñibles.
- d) Contacto e colaboración con centros e organizacións especializadas, e cos pais do alumno.

### 3. TEMAS TRANSVERSAIS

#### 3.1. Educación en valores

Nunha educación orientada á calidade, o valor do esforzo continuado debe ser unha referencia continua para tódolos colectivos implicados nela: alumnos, profesores, pais, centro escolar e administración educativa. Esta aposta pola calidade do ensino leva outros valores asociados: puntualidade, orde, limpeza, disciplina, rigorosidade no traballo, responsabilidade, sentido da colaboración, respecto polas persoas e polas cousas.

Estes valores, que son a base dunha educación cívica, xiran así mesmo arredor doutros que configuran a vida en sociedade: a educación para a paz, para a igualdade dos sexos, para a saúde, para o lecer. Estes valores están presentes de forma implícita e cotiá na vida diaria na aula, na clase, e a comunidade educativa debe velar porque ningún outro tipo de actitude atente contra estes principios de convivencia.

Aínda que esta educación transversal os alumnos a veñan recibindo dende sempre, nesta idade, entre os 8 e os 17 anos aprox., os valores que asuman serán realmente decisivos para toda a súa vida. Polo tanto, o xeito de aplicar os contidos desta programación, a súa metodoloxía, presta unha gran atención ás actitudes. A importancia das actitudes e o feito de que o estudo dun instrumento musical traballa o espírito e o intelecto fan que a educación en valores sexa facilmente abordada ao ter presente as normas, ás demais persoas, ao material da aula, aos compañeiros e profesores. Na materia tense en conta a actitude de escoita, o respecto mutuo ás opinións, o valor do traballo, do esforzo e da colaboración.

#### Contidos Actitudinais

1. Interese por coñecer e empregar correcta e adecuadamente os contidos estudados.
2. Actitude ordenada no traballo, planificando con antelación as tarefas.
3. Valoración do propio instrumento como medio que permite unha evolución e madurez dentro do coñecemento musical en xeral.
4. Interese polas novas formas de expresión relacionadas co propio instrumento, a música en xeral e a música contemporánea.
5. Realización do traballo proposto na aula e cumprimento dos prazos establecidos.
6. Esforzo por mellorar o propio rendemento.
7. Apreciación da importancia da audición respectuosa e atenta da música.
8. Valoración do pracer de escoitar música.
9. Respeto e comprensión cara os diferentes estilos musicais.
10. Apreciación do silencio e dos beneficios que nos reporta.
11. Actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música.
12. Participación activa na clase e interese polas actividades que se desenvolvan na mesma.
13. Respeto e tolerancia cara ós compañeiros e á creación artística.
14. Valoración da importancia dos medios de transmisión musical.
15. Valoración das achegas da tecnoloxía ao desenvolvemento da música.

16. Desenvolvemento dunha actitude crítica positiva ante o traballo realizado na clase.
17. Respeto e aprecio das capacidades propias e as dos seus compañeiros/as.
18. Valoración do traballo en grupo.
19. Adopción dunhas normas de colaboración e responsabilidade.
20. Asistencia a clase de forma continuada e con puntualidade.
21. Orde e limpeza, tanto no seu traballo como no contorno.
22. Valoración e respecto das normas de uso e mantemento dos instrumentos, materiais da aula e do centro, etc.

### 3.2. Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TICS)

Os sistemas educativos actuais establecen unha nova formulación pedagóxica na que a comunicación prodúcese non só a través da linguaxe oral e escrita, senón tamén a través doutras novas linguaxes, como son a audiovisual e a telemática. A posibilidade de compartir información, experiencias, de participar en actividades entre centros en tempo real, de buscar información puntual acerca de calquera contido, etc..., abre novas posibilidades de aprendizaxe que enriquecen a formación integral do alumnado.

A educación precisa de novos recursos que permitan que o ensino discorra polo mesmo camiño que a sociedade: a sociedade da información, da comunicación, da participación, de compartir coñecementos, experiencias co fin do enriquecemento común. Non se debe esquecer que unha educación baseada na lectura de textos está abocada ao fracaso ao deixar aos educandos á marxe da rede comunicativa construída polas TIC.

A utilización destas tecnoloxías nos centros educativos permitirá unha formación máis completa, unha renovación na pedagogía e na didáctica; poderán utilizarse tamén como medio de análise, de investigación, de manexo de aplicacións que forman parte habitual do entorno da sociedade.

Podemos facer a seguinte clasificación das TIC de utilidade para o proceso de ensino na materia:

- Medios Audiovisuais.
- Medios en internet. Relacionado co punto anterior: procura e emprego de tutoriais, información en redes, contidos audiovisuais de utilidade coma videos de actuacións en directo, concertos de artistas destacados, promoción das propias actividades culturais do Conservatorio, concertos e audicións, procura de material didáctico complementario, servizos telemáticos de videoconferencia de cara a tutoriais ou clases on line, etc.
- Programas informáticos. Programas de escritura musical, edición de partituras, grabación, acompañamento musical, amplificación e tratamento do son, etc.
- Medios para a comunicación: Servizos de mensaxería instantánea, correo electrónico, videoconferencia.
- O portal web do centro, para comunicación á comunidade escolar e ao alumnado da materia das actividades programadas, audicións, eventos, etc.

O profesor deberá servir de guía para axudar ao alumnado a procurar, obter, procesar, comunicar información e para transformala en coñecemento, sempre cunha actitude crítica e selectiva.

Na aula, de entre as moitas ferramentas que as novas tecnoloxías e Internet poñen ao noso servizo, serán de uso común as seguintes:

- Programa e arquivos **GUITAR PRO**. Arquivos dixitais de partituras dos temas recomendados para o Grao Elemental. Estes arranxos deben ser sempre examinados polo profesor antes da súa aplicación na aula. Pode que moitos destes arranxos non sexan axeitados ao nivel esixido en cada curso.
- Programa **BAND IN A BOX** (acompañamentos, secuenciación, composición).
- Programa **SIBELIUS** (editor de partituras). Outros editores de partituras: *ENCORE*, *FINALE*, etc.

## 4. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSIANZAS

Unha actividade pedagóxica moderna non pode quedar reducida ao ámbito da aula, aínda sendo este o espazo central do proceso educativo. Este traballo pode verse complementado por outras tarefas realizadas noutros espazos do propio centro ou doutras entidades colaboradoras.

Estas actividades están orientadas a superar o marco tradicional das clases de instrumento, complementándoas con actividades o máis variadas posibles que poñan en contacto os nosos alumnos coa realidade musical nun senso máis amplo, permitíndolles conectar esta realidade coa sociedade e a cultura do noso tempo.

Para que estas actividades teñan o máximo proveito, deben relacionarse có proceso xeral de aprendizaxe en resposta a unha adecuada planificación.

As actividades extra-escolares son esenciais para o desenvolvemento persoal e artístico do alumnado. Desta forma, dividiremos estas actividades en dúas categorías: actividades extra-escolares relacionadas coas artes e as relacionadas co desenvolvemento físico e persoal.

### 4.1. Actividades extra-escolares para o desenvolvemento artístico

É importante que o alumno, como músico, este exposto a outras manifestacións artísticas. Por iso será importante que o alumno coñeza e se enriqueza con visitas ao museo, exposicións, representacións de obras teatrais, espectáculos de danza clásica, moderna e folclórica e todo aquilo que poida relacionar máis adiante coa música que interpretará. Como alumno de guitarra, sería conveniente que fose a concertos de folk, jazz, música clásica e popular. Ademais, mediante os concertos sinfónicos e de agrupacións camerísticas, percibirá o timbre sonoro dos demais instrumentos que poderá aplicar sempre nas diferentes voces da música para guitarra. O departamento de corda pulsada fomentará o desenvolvemento artístico mediante a promoción das seguintes actividades:

Organizadas polo departamento:

- Audicións de alumnos dos distintos profesores do departamento seguidas de comentarios colectivos de profesores e alumnos sobre as mesmas. Fomentarse a crítica construtiva e evitanse comentarios de mal gusto. O obxectivo será aprender colectivamente dos erros e das virtudes dos alumnos e ao mesmo tempo servirá como exemplo de colaboración entre os profesores do departamento para compartir ideas e achegar solucións conxuntas aos problemas que tiveron os alumnos nas súas actuacións.
- Realización de cursos no segundo ou terceiro trimestre.
- Organización de concertos en cada un dos trimestres con artistas invitados
- Programación de intercambios con outros conservatorios no segundo trimestre.
- Organización de concertos en colexios, museos e institucións culturais por parte do alumnado.
- Fomentar a participación do ensamble de guitarras e/ou grupos de guitarra eléctrica nas actividades organizadas polo departamento.

O profesor recomendará escoitas e audicións de obras gravadas relacionadas cos contidos estudados, autores e obras de referencia dos diversos estilos, así como a lectura de libros, revistas, artigos de investigación e páxinas web idóneas pola súa información. Terase en conta a idade do alumnado á hora de facer estas recomendacións, incluso no caso de que pertencen ao mesmo curso, dada a lóxica mestura de idades presente nas nosas ensinanzas. Desta forma,



afondarase na formación dun espírito crítico no alumnado, que lle permita seleccionar só a información máis interesante, co xeito de complementar e crecer no seus coñecementos.

#### **4.2. Actividades extra-escolares para o desenvolvemento persoal**

Como músicos e dende unha temperá idade é importante que comprendamos que ao tocar un instrumento desgastamos o noso corpo coma se fósemos atletas profesionais. Por iso, debemos manter a nosa forma física sempre activa e forte. Como guitarrista, o alumno utilízase os músculos das costas, brazos, mans e dedos continuamente, sen esquecer tamén o esforzo e a postura xeral. Desta forma, será importante que o alumno reforce a musculatura xa citada e os tendóns dos brazos mediante a práctica de actividades físicas. Os deportes máis apropiados, ademais de facer estramonios antes de tocar, serían a natación, pilates, circuítos de ximnasia predeterminados por un especialista e tamén o ioga e tai-chi. Cabe destacar a importancia da relaxación, non só á hora de tocar, senón tamén na vida cotiá. As actividades como ioga e tai-chi contribuirán á práctica da respiración diafragmática, a relaxación e tamén ao control da respiración, meditación e concentración ademais de asegurar un ton muscular e postural corporal ideal.

## 5. SECUENCIACIÓN DO CURSO

### GRAO ELEMENTAL

O ensino da guitarra eléctrica no Grao Elemental terá como **obxectivo** contribuír a desenvolver nos alumnos as capacidades seguintes:

1. Adoptar unha posición axeitada do corpo respecto ao instrumento que posibilite e favoreza a acción do conxunto brazo-antebrazo-boneca-mans-dedos, da man esquerda sobre o diapasón e da man dereita sobre as cordas.
2. Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento para conseguir un perfeccionamento continuo da calidade sonora e saber utilizalo dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como de conxunto.
3. Interpretar un repertorio básico, integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde ao nivel.

Os **contidos xerais** do Grao Elemental serán:

1. Percepción e desenvolvemento das funcións motrices que interveñen na execución guitarrística e da súa adecuada coordinación. Desenvolvemento da habilidade de cada man e da sincronización entre ambas. Desenvolvemento da abertura entre os dedos da man esquerda.
2. Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como factor fundamental para a obtención da calidade sonora.
3. Afinación do instrumento.
4. Principios xerais da dixitación guitarrística e o seu desenvolvemento coa finalidade de expresar coa maior claridade as ideas e contidos musicais.
5. Coñecementos básicos dos distintos recursos da guitarra eléctrica. Utilización das posibilidades tímbricas do instrumento.
6. Aprendizaxe das diversas formas de ataque na man dereita e da puga, para conseguir progresivamente unha calidade sonora adecuada e realizar distintos planos simultáneos. Traballo da dinámica e a agóxica.
7. Iniciación á comprensión das estruturas musicais nos seus distintos niveis para chegar, a través diso, a unha interpretación consciente e non meramente intuitiva.
8. Iniciación á grafía contemporánea.
9. Adestramento permanente e progresivo da memoria.
10. Selección progresiva, en canto ao grado de dificultade, de exercicios, estudos e obras do repertorio guitarrístico que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumno.
11. Práctica de conxunto.
12. Adquisición de hábitos de estudo correctos.

## 5.1. ► 1º CURSO GRAO ELEMENTAL

### 5.1.1. Obxetivos

1. Adoptar unha posición axeitada do corpo respecto do instrumento que posibilite e favoreza a acción do conxunto brazo-antebrazo-pulso-mans dedos esquerdos sobre o diapasón e os dedos dereitos sobre as cordas.
2. Iniciación á afinación do instrumento.
3. Iniciación do alumno no coñecemento, coidado e mantemento do seu instrumento.
4. Interpretar un repertorio básico dunha dificultade acorde a este nivel.

### 5.1.2. Contidos

- Posición correcta de Corpo e mans.
- Técnicas de man esquerda: colocación e pulsación.
- Técnicas de man dereita: movemento de puga.
- Exercicios e melodías con notas das 6 cordas en 1ª posición, dunha dificultade de acordo ao nivel. Lectura á vista de melodías sinxelas de acordo ao nivel. Sostidos e bemoles: F#, C#, Bb, G#, D#/Eb, na primeira posición.
- Acordes nas 4 primeiras cordas, de 3 notas (tríades): C, G, G7, D7, Am. Acordes de potencia ("power chords") en aberto. Acompañamentos sinxelos baixo-acorde, en acordes nas 4 primeiras cordas.
- Escalas de C e G na 1ª posición. Escala Pentatónica menor (en aberto: escala de E).
- Afinación.
- Obras e Estudos dunha dificultade técnica de acordo ao nivel. Obra ou peza de conxunto. Dúos.
- Iniciación á Tabulatura.
- Coñecemento básico do instrumento: controis de volume, ton, pastillas e diferentes partes da guitarra. Mantementos e coidados.

### 5.1.3. Avaliación

#### Criterios de Avaliación

**LECTURA DE TEXTOS A PRIMEIRA VISTA CON FLUIDEZ E COMPRENSIÓN.** *Este criterio de avaliación pretende facer constar a capacidade do alumno para desenvolverse con certo grado de autonomía na lectura dun texto.*

**MEMORIZACIÓN E INTERPRETACIÓN DE TEXTOS MUSICAIS, EMPREGANDO A MEDIDA, AFINACIÓN, ARTICULACIÓN E FRASEO AXEITADOS AO SEU CONTIDO.** *Este criterio de avaliación pretende comprobar, a través da memoria, a correcta aplicación dos coñecementos teórico-prácticos da linguaxe musical.*

**INTERPRETACIÓN DE OBRAS DE ACORDO COS CRITERIOS DO ESTILO CORRESPONDENTE.** *Este criterio de avaliación pretende comprobar a capacidade do alumno para utilizar o tempo, a agónica e a dinámica como elementos básicos da articulación.*

**DEMOSTRACIÓN, EN ESTUDOS E OBRAS, A CAPACIDADE DE APRENDIZAXE PROGRESIVA INDIVIDUAL.** *Este criterio de avaliación pretende verificar que os alumnos son capaces de aplicar no seu estudo as indicacións do profesor e, con elas, desenvolver unha autonomía progresiva de traballo que lle permita valorar correctamente o seu rendemento.*

**INTERPRETACIÓN COMO SOLISTA, EN PÚBLICO E DE MEMORIA, DE OBRAS REPRESENTATIVAS DO SEU NIVEL CO INSTRUMENTO, CON SEGURIDADE E CONTROL DA SITUACIÓN.** *Este criterio de avaliación trata de comprobar a capacidade de memoria e autocontrol, así como o dominio da obra estudada. Pretende tamén estimular o interese polo estudo e a familiarización coa situación de tocar para un público.*

**ACTUACIÓN COMO MEMBRO DUN GRUPO E MANIFESTACIÓN DA CAPACIDADE DE TOCAR OU CANTAR AO MESMO TEMPO QUE ESCOITA E SE ADAPTA AO RESTO DOS INSTRUMENTOS OU VOCES.** *Este criterio de avaliación presta atención á capacidade do alumno para adaptar a afinación, precisión rítmica, dinámica, etc... á dos seus compañeiros nun traballo común.*

### Mínimos Esixibles

Os mínimos esixibles serán os seguintes:

- Lectura de textos sinxelos con fluidez e comprensión, dacordo ao nivel.
- Interpretación das pezas propostas polo profesor: exercicios, melodías, estudos e temas dos correspondentes ao temario do curso 1º.
- Realización dos exercicios técnicos propostos polo profesor.
- Participar nas audicións obrigatorias. En cada unha destas audicións se interpretará polo menos unha das pezas do curso, preferiblemente de memoria.
- Asistir a audicións e concertos durante o curso.

**Nota:** O uso da Puga é obrigatorio desde o 1º curso do G.E.

### Procedementos e Ferramentas de Avaliación

Tipos de Avaliación:

- **Inicial:** Establécese este tipo da avaliación para concretar as características dos nosos alumnos, así como para detectar, nos casos que así se precisase, as posibles carencias ou problemas que poida ter o alumno, para así poder resolver no menor tempo posible e da forma mais axeitada.
- **Continua:** Establécese este tipo da avaliación como seguimento habitual do alumnado, ao longo de todo o curso académico, aportando ao alumno a posibilidade de progresar no tempo, favorecendo así unha aprendizaxe integradora.
- **Final ou sumativa:** Dada a necesidade de emitir unha nota ao termo de cadanseu trimestre, así como ao final do curso académico, establécese este tipo da avaliación

que nos aportará a información necesaria á hora de concretar que obxectivos e en que grao se obtiveron.

Para poder levar a cabo os distintos tipos de avaliación establecidos no apartado anterior, o profesor dispón de distintos procedementos ou ferramentas que deberá empregar (do xeito que considere oportuno para cada caso) á hora de determinar a consecución de obxectivos por parte dun alumno.

Efectuarase un seguimento do desenvolvemento dos seguintes apartados:

1. Asistencia a clase.

2. Distribución temporal do repertorio (por parte do profesor titor en cada clase e ante tódolos membros do departamento e outros alumnos a través das probas trimestrais de repertorio ou audicións).

→ 1º Trimestre:

- Traballar un mínimo de tres das Obras no trimestre agás no primeiro curso de grao elemental, cuxa natureza propia require unha dinámica especial.
- Amosar unha mellora progresiva nos apartados 1º e 2º dos criterios xerais de avaliación do grao correspondente.
- No caso de 1º de grao elemental o traballo centrarase en conseguir unha correcta posición de corpo, mans e guitarra e en coñecer a primeira posición do diapasón.
- Traballo dos diversos elementos técnicos apropiados ao repertorio do trimestre adaptándoo ás necesidades do alumno, mediante os exercicios axeitados.
- Traballo parcial da lectura a primeira vista conforme aos niveis de cada curso.
- Interpretar unha peza na Audición do Departamento.

→ 2º Trimestre:

- Traballar un mínimo de tres das Obras no trimestre.
- Traballo das obras lidas no primeiro trimestre referenciadas no segundo apartado do primeiro trimestre, excepto no primeiro curso de grao elemental.
- Ampliación dos aspectos técnicos traballados anteriormente. Traballo dos exercicios axeitados.
- Lectura do resto do programa e memorización parcial de polo menos o número de pezas indicado no curso de que se trate.
- Traballo parcial da lectura a primeira vista conforme aos niveis de cada curso.
- Interpretar unha peza na Audición do Departamento.
- Amosar unha mellora progresiva nos apartados 1º, 2º, 3º dos criterios xerais de avaliación do grao correspondente.

→ 3º Trimestre:

- Acadar tódolos obxectivos descritos para o curso.
- Maduración de tódalas pezas esixidas no programa e memorización total de polo menos un número mínimo de obras, indicado para cada curso de que se trate.
- Repaso de todas as obras traballadas nos anteriores trimestres.
- Interpretar unha obra na Audición do Departamento ou no concerto de fin de curso.
- Amosar unha mellora progresiva segundo os apartados dos criterios xerais de avaliación do grao correspondente.

3. Apartado técnico (por parte do profesor titor en cada clase ou ante tódolos membros do departamento a través de probas trimestrais de técnica).

4. Lectura á vista (por parte do profesor titor en cada clase ou ante tódolos membros do departamento a través de probas trimestrais de lectura).
5. Actuacións en público (audicións públicas, probas de repertorio ante o resto de alumnado e ante todo o profesorado do departamento).
6. Realización de probas e audicións trimestrais.

## Criterios de Cualificación

Dado o carácter continuo da formación instrumental, o alumno deberá alcanzar o nivel do curso antes de abordar o repertorio do curso seguinte. Polo tanto compre establecer uns criterios de cualificación que permitan certificar a madurez e evolución académica do alumno, de cara a promover ao curso seguinte.

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

**1. Repertorio:** Acadar o nivel esixido para cada curso na execución dun repertorio axeitado ao nivel, establecido na Programación xeral, atendendo aos diferentes aspectos técnicos: dicitacións, posición de Corpo e mans, calidade do son, dinámica e agóxica. Comprenderá o 70% da cualificación final do curso.

**2. Asistencia regular e Actitude:** A regular asistencia ás clases é un aspecto imprescindible para unha avaliación e seguimento continuos do alumno por parte do profesor, co obxectivo de certificar a súa evolución académica. Implica unha boa actitude por parte do alumno á hora de abordar o estudo dun repertorio axeitado, traballo regular na casa, asistencia ás clases, concertos, audicións e calquera actividade académica complementaria programada polo Departamento. Comprenderá o 30% restante da cualificación final do curso.

Para avaliar o grao de dominio no aprendizaxe do programa estableceranse tres niveis:

**1. Lectura e dicitación:** O alumno/a domina ritmicamente a obra, utiliza unha dicitación adecuada, é capaz de unha primeira interpretación aínda que non consigue a suficiente soltura nas pasaxes mais complicados.

**2. Dominio técnico:** Mediante o estudo individualizado e racional das pasaxes de maior dificultade, utilizando en caso necesario exercicios ou estudos complementarios, cos cales o alumno/a alcance un dominio dos aspectos da mecánica instrumental da obra e ser capaz dunha interpretación fluída da mesma.

**3. Dominio interpretativo:** O alumno/a consigue unha interpretación musicalmente expresiva e coherente cos aspectos estilísticos (articulación, dinámica, tempo, fraseo e sonoridades apropiadas) interpretando en público e gozando da música que toca.

A expresión do nivel alcanzado será obxecto das seguintes cualificacións e súas correspondencias, sendo representadas numericamente, sen empregar decimais, e nunha escala de 1 a 10:

- Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.
- Aprobado: 5.

- Ben: 6.
- Notable: 7 ou 8.
- Sobresaínte: 9 ou 10.

O alumno/a que suspendera a materia de Guitarra Eléctrica deberá recuperar o curso pendente coa interpretación do programa do curso en cuestión.

### **Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

Para conceder a ampliación de matrícula é requisito indispensable que o alumno supere os obxectivos e contidos de todas as materias do curso no que está matriculado, e que o profesor considere que pode superar os do seguinte.

O Alumno/a interesado en ampliar matrícula notificará este feito aos profesores/as de todas as materias das que estea matriculado. O alumno poderá solicitar permiso para asistir coma oínte ás clases do curso ó que quere ampliar. Haberá unha xunta avaliadora formada por todos os profesores/as, que emitirán unha cualificación.

O Consello Escolar, visto as actas de avaliación, concederá as ampliacións de matrícula que procedan.

#### **5.1.4. Medidas de Recuperación**

### **Procedementos de Recuperación ordinarios**

O proceso de recuperación implica a realización de probas específicas de recuperación mais, aínda igual de importante, unha observación e valoración das actividades cotiás na aula, o traballo que se realiza semana a semana: resolución de tarefas pendentes, hábitos correctos de estudo, actitude. Ao longo do curso, para así poder detectar problemas e adoptar medidas axeitadas para solucionarlos, é fundamental valorar tanto os procedementos, como as actitudes, así como os conceptos que se van adquirindo.

### **Criterios de Recuperación para alumnos con Materias Pendentes**

Dado o carácter continuo da formación instrumental, o alumno deberá alcanzar o nivel do curso a recuperar antes de abordar o repertorio do curso seguinte. No entanto, dado que o programa de cada curso é flexible, poderanse intercalar obras e exercicios de ambos cursos, sempre segundo o criterio do profesor, sendo aconsellable que o alumno asista ás clases do curso que debe recuperar.

### **Probas Extraordinarias de Xuño**

**Segundo o disposto nas Instrucións da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional para a aplicación do Calendario do Curso 2021/2022 e a Orde do 19 de Maio de 2021 da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, as probas extraordinarias de Setembro pasan a ter lugar no mes de Xuño. Os alumnos/as que non**

acaden nas probas ordinarias do mes de Maio os obxetivos e contidos mínimos esixibles do curso, establecidos na presente Programación para unha materia concreta, deberán presentarse ás probas extraordinarias do mes de Xuño. O calendario destas probas será exposto públicamente nos meses de Maio-Xuño nos taboleiros de información xeral do Conservatorio, no taboleiro do Departamento e na páxina web do Conservatorio.

A proba extraordinaria será organizada polo centro e levarase a cabo do 13 ao 17 de Xuño.

O proceso do exame será o seguinte:

- O profesor ou tribunal poderá pedir ao alumno que realice **algún exercicio de técnica**, estudo, estudo de mecanismo, progresión de acordes, liña de guitarra rítmica, etc, dos correspondentes ao curso.
- O alumno terá que realizar un exercicio de **lectura a primeira vista dacordo ao nivel** e aos criterios empregados durante o curso.
- O alumno deberá interpretar un mínimo de **tres Obras, a petición do profesor ou tribunal do exame**, de entre as correspondentes á programación dese curso concreto, polo menos unha delas de memoria, empregando a medida, afinación, dinámica, articulación e fraseo adecuados ao seu contido, cunha utilización adecuada do esforzo muscular e da respiración e demostración do dominio instrumental sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.

### 5.1.5. Recursos Didácticos

a) Obras, pezas, exercicios e estudos incluídos nos seguintes manuais:

- *HAL LEONARD GUITAR METHOD, Libro 1*, por Will Schmidt e Greg Koch. HAL LEONARD Editions.
- *GUITARRA 1, Colección "Fast Track"*, por Blake Neely e Jeff Schroedl. HAL LEONARD Editions.
- *MÉTODO DE GUITARRA POR TABLATURA, Libro 1*, Colección "Basix", por Ron e Morty Manus. MD Ediciones, distribúe NUEVA CARISCH España.
- *A MODERN METHOD FOR GUITAR, VOLUME 1*, por William leavitt. BERKLEE PRESS Publications.
- *MÉTODO COMPLETO DE GUITARRA ELÉCTRICA*, por Patricio Galindo. ED. GUILLERMO LLUQUET.
- *GUITAR FOR KIDS*, por Bob Morris e Jeff Schroedl. HAL LEONARD ED.
- *GUITAR FOR KIDS SONGBOOK*, Morris/Schroedl. HAL LEONARD ED.
- *ALFRED'S KID'S GUITAR COURSE COMPLETE*, por Ron Manus e L.C. Harnsberger. ALFRED MUSIC PUBLISHING CO.
- *BEGINNING ROCK GUITAR FOR KIDS*, por Jimmy Brown. HAL LEONARD ED.
- *GUITAR SONGBOOK 1, Libros 1 e 2*. HAL LEONARD ED.

b) Dos temas incluídos nestes manuais, recoméndanse unha selección entre os seguintes:

- *DON'T WORRY BE HAPPY*, Bobby McFerrin (acordes)
- *LOVE ME DO*, Lennon/McCartney (acordes)



5. Acordes Tétrade (“top set”, “middle set”, “bottom set”). Arpexos. Tétrades: Acordes de Sétima. Outras tensións. Construción de liñas de guitarra rítmica en diferentes estilos.

6. Técnica do “Chord-Melody” (continuación).
7. Escalas Maiores e Menores en todas posicións. Escalas Blues. Patróns e dixitación. Modos Jónico, Dórico e Mixolidio. Patróns e dixitacións en todo o diapasón.
8. Estructuras formais: o Rhythm and Blues, o Pop, o Rock. Jazz. Introducción ao Jazz, técnicas e estudos. O II-V-I no Jazz. Estilos afrocubanos e brasileiros: Bossa-Nova, Mambo, Bolero, Samba.
9. Improvisacións (de acordo ó nivel esixido) a partir dos coñecementos adquiridos.
10. Repertorio: estudo de temas representativos de diversos estilos (Rock, Pop, R’n’B, Jazz...) dunha dificultade de acordo ao nivel. Estudo de solos de guitarra de diferentes estilos (Blues, Pop, Rock, Jazz, Latino) e transcripcións.

### 5.9.3. Avaliación

#### Criterios de Avaliación

**UTILIZACIÓN DO ESFORZO MUSCULAR E A RESPIRACIÓN AXEITADOS ÁS ESIXENCIAS DA EXECUCIÓN INSTRUMENTAL.** *Con este criterio preténdese avaliar o dominio da coordinación motriz e o equilibrio entre os indispensables esforzos musculares que require a execución instrumental e o grado de relaxación necesario para evitar crispacións que conduzan a unha perda do control da execución.*

**DOMINIO NA EXECUCIÓN DE ESTUDOS E OBRAS, SEN DESLIGAR OS ASPECTOS TÉCNICOS DOS MUSICAIS.** *Este criterio avalía a capacidade de interrelacionar os coñecementos técnicos e teóricos necesarios para alcanzar unha interpretación adecuada.*

**SENSIBILIDADE AUDITIVA NA AFINACIÓN E NO USO DAS POSIBILIDADES SONORAS DO INSTRUMENTO.** *Mediante este criterio preténdese avaliar o coñecemento das características e do funcionamento mecánico do instrumento e a utilización das súas posibilidades.*

**INTERPRETACIÓN DE OBRAS DAS DISTINTAS ÉPOCAS E ESTILOS COMO SOLISTA E EN GRUPO.** *Trátase de avaliar o coñecemento que o alumno posúe do repertorio do seu instrumento e das súas obras máis representativas, así como o grado de sensibilidade e imaxinación para aplicar os criterios estéticos correspondentes.*

**INTERPRETACIÓN DE MEMORIA DE OBRAS DO REPERTORIO SOLISTA, DE ACORDO COS CRITERIOS DO ESTILO CORRESPONDENTE.** *Mediante este criterio valórase o dominio e a comprensión que o alumno posúe das obras e a súa capacidade de concentración sobre o resultado sonoro das mesmas.*

**DEMOSTRACIÓN DA NECESARIA AUTONOMÍA PARA ABORDAR A INTERPRETACIÓN DENTRO DAS MARXES DE FLEXIBILIDADE QUE PERMITA O TEXTO MUSICAL.** *Este criterio avalía o concepto persoal estilístico e a liberdade de interpretación dentro do respecto ao texto.*

**DEMOSTRACIÓN DUNHA AUTONOMÍA PROGRESIVAMENTE MAIOR NA RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS TÉCNICOS E INTERPRETATIVOS.** *Con este criterio quérese comprobar o desenvolvemento que o alumno alcanzou en canto aos hábitos de estudo e a capacidade de autocrítica.*

**LECTURA DE TEXTOS A PRIMEIRA VISTA CON FLUIDEZ E COMPRENSIÓN.** *Este criterio de avaliación pretende facer constar a capacidade do alumno para desenvolverse con certo grado de autonomía na lectura dun texto.*

**PRESENTACIÓN EN PÚBLICO DUN PROGRAMA AXEITADO AO SEU NIVEL, DEMOSTRANDO CAPACIDADE COMUNICATIVA E CALIDADE ARTÍSTICA.** *Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade de autocontrol e o grado de madurez da súa personalidade artística.*

## Mínimos Esixibles

Ao longo do curso, esixiranse uns mínimos para poder superar o mesmo, e serán os que se detallan a continuación:

**A.** Interpretación de polo menos:

- 6 temas de Rock/Pop/Jazz/Blues, do repertorio proposto. Serán determinados polo profesor de acordo ao nivel esixido.
- Patróns de escalas segundo as tratadas no curso e sempre de acordo ao nivel esixido.
- Estudos de acordes e progresións de acordes ou temas concretos e acompañamentos rítmicos en diferentes estilos.
- Lectura á vista de melodías e progresións de acordes, acompañamentos, sempre baseados nos contidos do curso e de acordo ao nivel esixido.

**B.** Realización dos exercicios de técnica propostos durante o curso.

**C.** Lectura a primeira vista de textos con fluidez e comprensión, de acordo ao nivel.

**D.** Amosar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.

**E.** Interpretación en público, como solista e de memoria, de obras representativas do seu nivel.

**F.** Describir posteriormente a unha audición os trazos característicos da obra escoitada.

**G.** Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos.

## Procedementos e Ferramentas de Avaliación

Tipos de Avaliación:

- **Inicial:** Establécese este tipo da avaliación para concretar as características dos nosos alumnos, así como para detectar, nos casos que así se precisase, as posibles carencias ou problemas que poida ter o alumno, para así poder resolver no menor tempo posible e da forma mais axeitada.
- **Continua:** Establécese este tipo da avaliación como seguimento habitual do alumnado, ao longo de todo o curso académico, aportando ao alumno a posibilidade de progresar no tempo, favorecendo así unha aprendizaxe integradora.
- **Final ou sumativa:** Dada a necesidade de emitir unha nota ao termo de cadanseu trimestre, así como ao final do curso académico, establécese este tipo da avaliación que nos aportará a información necesaria á hora de concretar que obxectivos e en que grao se obtiveron.

Efectuarase un seguimento dos seguintes apartados:

1. Asistencia a clase.
2. Distribución temporal do repertorio (avaliación por parte do profesor titor en cada clase e ante tódolos membros do departamento a través das probas trimestrais de repertorio ou audicións).
  - 1º Trimestre:
    - Traballar un mínimo de tres das Obras no trimestre agás no primeiro curso de grao elemental, cuxa natureza propia require unha dinámica especial.
    - Amosar unha mellora progresiva nos apartados 1º e 2º dos criterios xerais de avaliación do grao correspondente.
    - No caso de 1º de grao elemental o traballo centrarase en conseguir unha correcta posición de corpo, mans e guitarra e en coñecer a primeira posición do diapasón.
    - Traballo dos diversos elementos técnicos apropiados ao repertorio do trimestre adaptándoo ás necesidades do alumno, mediante os exercicios axeitados.
    - Traballo parcial da lectura a primeira vista conforme aos niveis de cada curso.
    - Interpretar unha peza na Audición do Departamento.
  - 2º Trimestre:
    - Traballar un mínimo de tres das Obras no trimestre.
    - Traballo das obras lidas no primeiro trimestre referenciadas no segundo apartado do primeiro trimestre, excepto no primeiro curso de grao elemental.
    - Ampliación dos aspectos técnicos traballados anteriormente. Traballo dos exercicios axeitados.
    - Lectura do resto do programa e memorización parcial de polo menos o número de pezas indicado no curso de que se trate.
    - Traballo parcial da lectura a primeira vista conforme aos niveis de cada curso.
    - Interpretar unha peza na Audición do Departamento.
    - Amosar unha mellora progresiva nos apartados 1º, 2º, 3º dos criterios xerais de avaliación do grao correspondente.
  - 3º Trimestre:
    - Acadar tódolos obxectivos descritos para o curso.
    - Maduración de tódalas pezas esixidas no programa e memorización total de polo menos un número mínimo de obras, indicado para cada curso de que se trate.
    - Repaso de todas as obras traballadas nos anteriores trimestres.
    - Interpretar unha obra na Audición do Departamento ou no concerto de fin de curso.
    - Amosar unha mellora progresiva segundo os apartados dos criterios xerais de avaliación do grao correspondente.
3. Apartado técnico (avaliación por parte do profesor titor en cada clase ou ante tódolos membros do departamento a través de probas trimestrais de técnica).
4. Lectura á vista (avaliación por parte do profesor titor en cada clase ou ante tódolos membros do departamento a través de probas trimestrais de lectura).
5. Actuacións en público (concertos, audicións públicas, audicións de repertorio ante o resto de alumnado e o profesorado do departamento).

## Criterios de Cualificación

Dado o carácter continuo da formación instrumental, o alumno deberá alcanzar o nivel do curso antes de abordar o repertorio do curso seguinte. Polo tanto compre establecer uns criterios de cualificación que permitan certificar a madurez e evolución académica do alumno, de cara a promover ao curso seguinte.

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

**1. Repertorio:** Acadar o nivel esixido para cada curso na execución dun repertorio axeitado ao nivel, establecido na Programación xeral, atendendo aos diferentes aspectos técnicos: dicitacións, posición de Corpo e mans, calidade do son, dinámica e agóxica. Comprenderá o 70% da cualificación final do curso.

**2. Asistencia regular e Actitude:** A regular asistencia ás clases é un aspecto imprescindible para unha avaliación e seguimento continuos do alumno por parte do profesor, co obxectivo de certificar a súa evolución académica. Implica unha boa actitude por parte do alumno á hora de abordar o estudo dun repertorio axeitado, traballo regular na casa, asistencia ás clases, concertos, audicións e calquera actividade académica complementaria programada polo Departamento. Comprenderá o 30% restante da cualificación final do curso.

Para avaliar o grao de dominio no aprendizaxe do programa estableceranse tres niveis:

**1. Lectura e dicitación:** O alumno/a domina ritmicamente a obra, utiliza unha dicitación adecuada, é capaz de unha primeira interpretación aínda que non consegue a suficiente soltura nas pasaxes mais complicados.

**2. Dominio técnico:** Mediante o estudo individualizado e racional das pasaxes de maior dificultade, utilizando en caso necesario exercicios ou estudos complementarios, cos cales o alumno/a alcance un dominio dos aspectos da mecánica instrumental da obra e ser capaz dunha interpretación fluída da mesma.

**3. Dominio interpretativo:** O alumno/a consegue unha interpretación musicalmente expresiva e coherente cos aspectos estilísticos (articulación, dinámica, tempo, fraseo e sonoridades apropiadas) interpretando en público e gozando da música que toca.

A expresión do nivel alcanzado será obxecto das seguintes cualificacións e súas correspondencias, sendo representadas numericamente, sen empregar decimais, e nunha escala de 1 a 10:

- Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.
- Aprobado: 5.
- Ben: 6.
- Notable: 7 ou 8.
- Sobresaínte: 9 ou 10.

O alumno/a que suspendera a materia de Guitarra Eléctrica deberá recuperar o curso pendente coa interpretación do programa do curso en cuestión.

## **Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

Para conceder a ampliación de matrícula é requisito indispensable que o alumno supere os obxectivos e contidos de todas as materias do curso no que está matriculado, e que o profesor considere que pode superar os do seguinte.

O Alumno/a interesado en ampliar matrícula notificará este feito aos profesores/as de todas as materias das que estea matriculado. O alumno poderá solicitar permiso para asistir coma oínte ás clases do curso ó que quere ampliar. Haberá unha xunta avaliadora formada por todos os profesores/as, que emitirán unha cualificación.

O Consello Escolar, visto as actas de avaliación, concederá as ampliacións de matrícula que procedan.

### **5.9.4. Medidas de Recuperación**

#### **Procedementos de Recuperación ordinarios**

O proceso de recuperación implica a realización de probas específicas de recuperación mais, aínda igual de importante, unha observación e valoración das actividades cotiás na aula, o traballo que se realiza semana a semana: resolución de tarefas pendentes, hábitos correctos de estudo, actitude. Ao longo do curso, para así poder detectar problemas e adoptar medidas axeitadas para solucionarlos, é fundamental valorar tanto os procedementos, como as actitudes, así como os conceptos que se van adquirindo.

#### **Criterios de Recuperación para alumnos con Materias Pendentes**

Dado o carácter continuo da formación instrumental, o alumno deberá alcanzar o nivel do curso a recuperar antes de abordar o repertorio do curso seguinte. No entanto, dado que o programa de cada curso é flexible, poderanse intercalar obras e exercicios de ambos cursos, sempre segundo o criterio do profesor, sendo aconsellable que o alumno asista ás clases do curso que debe recuperar.

#### **Probas Extraordinarias de Xuño**

**Segundo o disposto nas Instrucións da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional para a aplicación do Calendario do Curso 2021/2022 e a Orde do 19 de Maio de 2021 da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, as probas extraordinarias de Setembro pasan a ter lugar no mes de Xuño. Os alumnos/as que non acaden nas probas ordinarias do mes de Maio os obxectivos e contidos mínimos esixibles do curso, establecidos na presente Programación para unha materia concreta, deberán presentarse ás probas extraordinarias do mes de Xuño. O calendario destas probas será exposto públicamente nos meses de Maio-Xuño nos taboleiros de información xeral do Conservatorio, no taboleiro do Departamento e na páxina web do Conservatorio.**

**A proba extraordinaria será organizada polo centro e levarase a cabo do 13 ao 17 de Xuño.**

O proceso do exame será o seguinte:

- O profesor ou tribunal poderá pedir ao alumno que realice **algún exercicio de técnica**, estudo, estudo de mecanismo, progresión de acordes, liña de guitarra rítmica, etc, dos correspondentes ao curso.
- O alumno terá que realizar un exercicio de **lectura a primeira vista dacordo ao nivel** e aos criterios empregados durante o curso.
- O alumno deberá interpretar un mínimo de **tres Obras, a petición do profesor ou tribunal do exame**, de entre as correspondentes á programación dese curso concreto, polo menos unha delas de memoria, empregando a medida, afinación, dinámica, articulación e fraseo adecuados ao seu contido, cunha utilización adecuada do esforzo muscular e da respiración e demostración do dominio instrumental sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.

### 5.9.5. Recursos Didácticos

A selección seguinte inclúe temas, estudos e obras recomendadas para o curso correspondente:

a) Obras:

- ✓ *BLUESETTE*, Thielemans/Gimbel.
- ✓ *YARDBIRD SUITE*, Tal Farlow.
- ✓ *MINOR SWING*, Django Reinhardt.
- ✓ *TEA FOR TWO*, Charlie Christian.
- ✓ *MISTY*, Barney Kessel.
- ✓ *HONEYSUCKLE ROSE*, Thomas Waller.
- ✓ *I'LL REMEMBER APRIL*, Johnston/Raye/De Paul.
- ✓ *ST. THOMAS*, Sonny Rollins.
- ✓ *ALL BLUES*, Miles Davis
- ✓ *WAVE*, A. C. Jobim.
- ✓ *YESTERDAYS*, Harbach/Kern.
- ✓ *DOWN TO MEXICO*, Paul Gilbert.
- ✓ *SWEET CHILD O' MINE*, Guns 'n' Roses.

b) Estudos:

- ✓ *Walking Bass*.
- ✓ *Sweep Picking*.
- ✓ *Arpexios. II-V-I*.
- ✓ *Heavy Metal Rhythm*.
- ✓ *Heavy Metal Lead*.

Estudos (Chord-Melody):

- ✓ *MISTY*, Errol Garner.
- ✓ *ALL THE THINGS YOU ARE*, Jerome Kern.
- ✓ *ON GREEN DOLPHIN STREET*, B. Kaper.



Estudios (Desarrollo Melódico, Improvisación):

- ✓ *AUTUMN LEAVES*, Joseph Kosma.
- ✓ *BESSIE'S BLUES*, John Coltrane.
- ✓ *BLUE BOSSA*, J. Henderson.
- ✓ *BLUE MONK*, T. Monk.
- ✓ *ALL BLUES, TUNE-UP*, M. Davis.

c) Estudios de Jazz, Bossa Nova, Latino, etc... estudios incluídos nos libros:

- *LATIN GUITAR*, Bruce Buckingham. Hal Leonard.
- *JAZZ GUITAR*, Jeff Schroedl. Hal Leonard.
- *JAZZ GUITAR SONGS*, Jeff Schoedl. Hal Leonard.
- *JAZZ-ROCK FUSION*, Mark Huls. Hal Leonard.
- *JAZZIN' THE BLUES*, John Ganapes, David Ross. Hal Leonard.
- *NOTHIN' BUT BLUES*, J. Aebersold. Jamey Aebersold Jazz Inc.
- *THE II-V7-I PROGRESSION*, J. Aebersold. Jamey Aebersold Jazz Inc.
- *GUITAR ETUDES*, Pat Metheny. Hal Leonard.

d) Estudios de Lectura: estudios incluídos no libro *READING STUDIES FOR GUITAR* de W. Leavitt, Berklee Press., páxinas 48 á 61 (cuarta posición)

e) Repertorio de Standards do Jazz. Segundo os Cadernos de obras seguintes:

- *GREAT JAZZ STANDARDS ANTHOLOGY FOR GUITAR*, Fred Sokolow.
- *GREAT JAZZ STANDARDS OF DUKE ELLINGTON*, Fred Sokolow.
- *10 GUITAR HITS*, Phillipe Ganter.
- *FAMOUS JAZZ GUITAR SOLOS*, Ivor Mairants.

f) Obras a determinar polo profesor. Obras de autores destacados do Jazz: Obras a determinar de diversos autores e estilos. Pezas estándaras. Obras de guitarristas do Jazz: Obras a determinar, dacordo ao nivel, Estándares de diversos autores, épocas e estilos.

g) Estudios de mecanismo, etc, a determinar polo profesor.

## 5.10. ► 6º CURSO GRAO PROFESIONAL

### 5.10.1. Obxetivos

1. Desenvolver, no seu conxunto, a técnica e as posibilidades sonoras e expresividade do instrumento, así como alcanzar e amosar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
2. Adquirir as diferentes técnicas para a afinación do instrumento como fase previa á execución.
3. Entender a historia, evolución e características do instrumento en relación cos diferentes xéneros musicais que forman parte da música moderna e o Jazz.
4. Asimilar os conceptos propios da Linguaxe Musical e a Harmonía, lograr o nivel de lectura necesario para a interpretación de guións, partituras e notacións específicas para guitarra eléctrica.
5. Coñecer as características técnicas do instrumento e o seu mantemento, facer uso dos accesorios, efectos, materiais de amplificación, equalización e tecnoloxía moderna para unha adaptación adecuada a calquera situación musical concreta e investigar na posibilidade e creación de novas sonoridades.
6. Aplicar, con autonomía progresivamente maior, os coñecementos musicais para solucionar por si mesmo as diversas cuestións relacionadas coa dicitación, fraseo, dinámica e dinámica-agóxica.
7. Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria
8. Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista e aplicar, con autonomía progresivamente maior, os coñecementos musicais na improvisación co instrumento.
9. Practicar a música de conxunto, aumentar a capacidade de formar parte dun combo e adquirir criterios que permitan ter consciencia do papel do instrumento en cada tipo de formación e saber aplicar os coñecementos adquiridos para lograr o máximo rendemento, equilibrio e interacción co resto de instrumentos.
10. Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas dunha dificultade axeitada a este nivel.

### 5.10.2. Contidos

1. O instrumento. Exercicios de quecemento, relaxación e concentración. Sonoridade e calidade sonora: posibilidades técnicas do son aplicado a diversos estilos. Pedais de efectos. Uso dos recursos propios do instrumento: a panca e os efectos de son, a amplificación, control do son.
2. Coñecemento e asimilación das diferentes e modernas grañas musicais e criterios para a súa aplicación no instrumento. Lectura á vista en notación standard e de cifrados de acordes.
3. Articulación e fraseos: Fraseo, acentuación e expresión.
4. Estudos de velocidade. Estudos de mecanismo. Estudos de "Tapping".
5. Acordes Tétrade ("top set", "middle set", "bottom set"). Arpexos. Tétrades: Acordes de Sétima. Outras tensións. Construción de liñas de guitarra rítmica en diferentes estilos.
6. Técnica do "Chord-Melody" (continuación).

7. Escalas Maiores e Menores en todas posicións. Escalas Blues. Patróns e dixitación. Modos Jónico, Eólico, Dórico e Mixolidio. Patróns e dixitacións en todo o diapasón. Modos da escala Menor Harmónica e Melódica. Modos da escala Mixolidia.
8. Estructuras formais: Jazz. Técnicas e estudos. O II-V-I. Estilos afrocubanos e brasileiros.
9. Improvisacións (dacordo ao nivel esixido) a partir dos coñecementos adquiridos.
10. Repertorio: estudo de temas representativos de diversos estilos (Rock, Pop, R'n'B, Jazz, Latino) dunha dificultade de acordo ao nivel. Estudo de solos de guitarra de diferentes estilos (Blues, Pop, Rock, Jazz, Latino) e transcripcións.

### 5.10.3. Avaliación

#### Criterios de Avaliación

**UTILIZACIÓN DO ESFORZO MUSCULAR E A RESPIRACIÓN AXEITADOS ÁS ESIXENCIAS DA EXECUCIÓN INSTRUMENTAL.** *Con este criterio preténdese avaliar o dominio da coordinación motriz e o equilibrio entre os indispensables esforzos musculares que require a execución instrumental e o grado de relaxación necesario para evitar crispacións que conduzan a unha perda do control da execución.*

**DOMINIO NA EXECUCIÓN DE ESTUDOS E OBRAS, SEN DESLIGAR OS ASPECTOS TÉCNICOS DOS MUSICAIS.** *Este criterio avalía a capacidade de interrelacionar os coñecementos técnicos e teóricos necesarios para alcanzar unha interpretación adecuada.*

**SENSIBILIDADE AUDITIVA NA AFINACIÓN E NO USO DAS POSIBILIDADES SONORAS DO INSTRUMENTO.** *Mediante este criterio preténdese avaliar o coñecemento das características e do funcionamento mecánico do instrumento e a utilización das súas posibilidades.*

**INTERPRETACIÓN DE OBRAS DAS DISTINTAS ÉPOCAS E ESTILOS COMO SOLISTA E EN GRUPO.** *Trátase de avaliar o coñecemento que o alumno posúe do repertorio do seu instrumento e das súas obras máis representativas, así como o grado de sensibilidade e imaxinación para aplicar os criterios estéticos correspondentes.*

**INTERPRETACIÓN DE MEMORIA DE OBRAS DO REPERTORIO SOLISTA, DE ACORDO COS CRITERIOS DO ESTILO CORRESPONDENTE.** *Mediante este criterio valórase o dominio e a comprensión que o alumno posúe das obras e a súa capacidade de concentración sobre o resultado sonoro das mesmas.*

**DEMOSTRACIÓN DA NECESARIA AUTONOMÍA PARA ABORDAR A INTERPRETACIÓN DENTRO DAS MARXES DE FLEXIBILIDADE QUE PERMITA O TEXTO MUSICAL.** *Este criterio avalía o concepto persoal estilístico e a liberdade de interpretación dentro do respecto ao texto.*

**DEMOSTRACIÓN DUNHA AUTONOMÍA PROGRESIVAMENTE MAIOR NA RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS TÉCNICOS E INTERPRETATIVOS.** *Con este criterio quérese comprobar o desenvolvemento que o alumno alcanzou en canto aos hábitos de estudo e a capacidade de autocrítica.*

**LECTURA DE TEXTOS A PRIMEIRA VISTA CON FLUIDEZ E COMPRENSIÓN.** *Este criterio de avaliación pretende facer constar a capacidade do alumno para desenvolverse con certo grado de autonomía na lectura dun texto.*

**PRESENTACIÓN EN PÚBLICO DUN PROGRAMA AXEITADO AO SEU NIVEL, DEMOSTRANDO CAPACIDADE COMUNICATIVA E CALIDADE ARTÍSTICA.** *Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade de autocontrol e o grado de madurez da súa personalidade artística.*

## Mínimos Esixibles

Ao longo do curso, esixiranse uns mínimos para poder superar o mesmo, e serán os que se detallan a continuación:

### A. Interpretación de:

- 6 temas de Jazz opcionais, a determinar polo profesor de acordo ao nivel esixido, do repertorio de estándares do Jazz e estudos de Jazz dos incluídos nos libros mencionados no Repertorio.
- 1 tema de Jazz segundo a técnica do “Chord Melody”.
- Solos de guitarra a determinar, segundo o nivel, dos temas escollidos no repertorio básico ou solos transcritos e exercicios de improvisación segundo o repertorio.
- Patróns de escalas segundo as tratadas no curso e sempre de acordo ao nivel esixido.
- Estudos de acordes e progresións de acordes ou temas concretos e acompañamentos rítmicos en diferentes estilos
- Lectura á vista de melodías e progresións de acordes, acompañamentos, sempre baseados nos contidos do curso e de acordo ao nivel esixido.
- Un exercicio de improvisación sobre un tema de Rock, Pop, Jazz, Latino, Bossa Nova, etc, de acordo ao nivel esixido

### B. Realización dos exercicios de técnica propostos durante o curso.

C. Lectura a primeira vista de textos con fluidez e comprensión, de acordo ao nivel.

D. Amosar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.

E. Interpretación en público, como solista e de memoria, de obras representativas do seu nivel.

F. Describir posteriormente a unha audición os trazos característicos da obra escoitada.

G. Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos.

## Procedementos e Ferramentas de Avaliación

Tipos de Avaliación:

- **Inicial:** Establécese este tipo da avaliación para concretar as características dos nosos alumnos, así como para detectar, nos casos que así se precisase, as posibles carencias ou problemas que poida ter o alumno, para así poder resolver no menor tempo posible e da forma mais axeitada.
- **Continua:** Establécese este tipo da avaliación como seguimento habitual do alumnado, ao longo de todo o curso académico, aportando ao alumno a posibilidade

de progresar no tempo, favorecendo así unha aprendizaxe integradora.

- **Final ou sumativa:** Dada a necesidade de emitir unha nota ao termo de cada seu trimestre, así como ao final do curso académico, establécese este tipo da avaliación que nos aportará a información necesaria á hora de concretar que obxectivos e en que grao se obtiveron.

Efectuarase un seguimento dos seguintes apartados:

1. Asistencia a clase.
2. Distribución temporal do repertorio (avaliación por parte do profesor titor en cada clase e ante tódolos membros do departamento a través das probas trimestrais de repertorio ou audicións).
  - 1º Trimestre:
    - Traballar un mínimo de tres das Obras no trimestre agás no primeiro curso de grao elemental, cuxa natureza propia require unha dinámica especial.
    - Amosar unha mellora progresiva nos apartados 1º e 2º dos criterios xerais de avaliación do grao correspondente.
    - No caso de 1º de grao elemental o traballo centrarase en conseguir unha correcta posición de corpo, mans e guitarra e en coñecer a primeira posición do diapasón.
    - Traballo dos diversos elementos técnicos apropiados ao repertorio do trimestre adaptándoo ás necesidades do alumno, mediante os exercicios axeitados.
    - Traballo parcial da lectura a primeira vista conforme aos niveis de cada curso.
    - Interpretar unha peza na Audición do Departamento.
  - 2º Trimestre:
    - Traballar un mínimo de tres das Obras no trimestre.
    - Traballo das obras lidas no primeiro trimestre referenciadas no segundo apartado do primeiro trimestre, excepto no primeiro curso de grao elemental.
    - Ampliación dos aspectos técnicos traballados anteriormente. Traballo dos exercicios axeitados.
    - Lectura do resto do programa e memorización parcial de polo menos o número de pezas indicado no curso de que se trate.
    - Traballo parcial da lectura a primeira vista conforme aos niveis de cada curso.
    - Interpretar unha peza na Audición do Departamento.
    - Amosar unha mellora progresiva nos apartados 1º, 2º, 3º dos criterios xerais de avaliación do grao correspondente.
  - 3º Trimestre:
    - Acadar tódolos obxectivos descritos para o curso.
    - Maduración de tódalas pezas esixidas no programa e memorización total de polo menos un número mínimo de obras, indicado para cada curso de que se trate.
    - Repaso de todas as obras traballadas nos anteriores trimestres.
    - Interpretar unha obra na Audición do Departamento ou no concerto de fin de curso.
    - Amosar unha mellora progresiva segundo os apartados dos criterios xerais de avaliación do grao correspondente.
3. Apartado técnico (avaliación por parte do profesor titor en cada clase ou ante tódolos membros do departamento a través de probas trimestrais de técnica).

4. Lectura á vista (avaliación por parte do profesor titor en cada clase ou ante tódolos membros do departamento a través de probas trimestrais de lectura).
5. Actuacións en público (concertos, audicións públicas, audicións de repertorio ante o resto de alumnado e o profesorado do departamento).

## Criterios de Cualificación

Dado o carácter continuo da formación instrumental, o alumno deberá alcanzar o nivel do curso antes de abordar o repertorio do curso seguinte. Polo tanto compre establecer uns criterios de cualificación que permitan certificar a madurez e evolución académica do alumno, de cara a promover ao curso seguinte.

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

**1. Repertorio:** Acadar o nivel esixido para cada curso na execución dun repertorio axeitado ao nivel, establecido na Programación xeral, atendendo aos diferentes aspectos técnicos: dicitacións, posición de Corpo e mans, calidade do son, dinámica e agóxica. Comprenderá o 70% da cualificación final do curso.

**2. Asistencia regular e Actitude:** A regular asistencia ás clases é un aspecto imprescindible para unha avaliación e seguimento continuos do alumno por parte do profesor, co obxectivo de certificar a súa evolución académica. Implica unha boa actitude por parte do alumno á hora de abordar o estudo dun repertorio axeitado, traballo regular na casa, asistencia ás clases, concertos, audicións e calquera actividade académica complementaria programada polo Departamento. Comprenderá o 30% restante da cualificación final do curso.

Para avaliar o grao de dominio no aprendizaxe do programa estableceranse tres niveis:

**1. Lectura e dicitación:** O alumno/a domina ritmicamente a obra, utiliza unha dicitación adecuada, é capaz de unha primeira interpretación aínda que non consegue a suficiente soltura nas pasaxes mais complicados.

**2. Dominio técnico:** Mediante o estudo individualizado e racional das pasaxes de maior dificultade, utilizando en caso necesario exercicios ou estudos complementarios, cos cales o alumno/a alcance un dominio dos aspectos da mecánica instrumental da obra e ser capaz dunha interpretación fluída da mesma.

**3. Dominio interpretativo:** O alumno/a consegue unha interpretación musicalmente expresiva e coherente cos aspectos estilísticos (articulación, dinámica, tempo, fraseo e sonoridades apropiadas) interpretando en público e gozando da música que toca.

A expresión do nivel alcanzado será obxecto das seguintes cualificacións e súas correspondencias, sendo representadas numericamente, sen empregar decimais, e nunha escala de 1 a 10:

- Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.
- Aprobado: 5.
- Ben: 6.

- Notable: 7 ou 8.
- Sobresaínte: 9 ou 10.

O alumno/a que suspendera a materia de Guitarra Eléctrica deberá recuperar o curso pendente coa interpretación do programa do curso en cuestión.

#### 5.10.4. Medidas de Recuperación

##### Procedementos de Recuperación ordinarios

O proceso de recuperación implica a realización de probas específicas de recuperación mais, aínda igual de importante, unha observación e valoración das actividades cotiás na aula, o traballo que se realiza semana a semana: resolución de tarefas pendentes, hábitos correctos de estudo, actitude. Ao longo do curso, para así poder detectar problemas e adoptar medidas axeitadas para solucionarlos, é fundamental valorar tanto os procedementos, como as actitudes, así como os conceptos que se van adquirindo.

##### Criterios de Recuperación para alumnos con Materias Pendentes

Dado o carácter continuo da formación instrumental, o alumno deberá alcanzar o nivel do curso a recuperar antes de abordar o repertorio do curso seguinte. No entanto, dado que o programa de cada curso é flexible, poderanse intercalar obras e exercicios de ambos cursos, sempre segundo o criterio do profesor, sendo aconsellable que o alumno asista ás clases do curso que debe recuperar.

##### Probas Extraordinarias de Xuño

**Segundo o disposto nas Instrucións da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional para a aplicación do Calendario do Curso 2021/2022 e a Orde do 19 de Maio de 2021 da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, as probas extraordinarias de Setembro pasan a ter lugar no mes de Xuño. Os alumnos/as que non acaden nas probas ordinarias do mes de Maio os obxetivos e contidos mínimos esixibles do curso, establecidos na presente Programación para unha materia concreta, deberán presentarse ás probas extraordinarias do mes de Xuño. O calendario destas probas será exposto públicamente nos meses de Maio-Xuño nos taboleiros de información xeral do Conservatorio, no taboleiro do Departamento e na páxina web do Conservatorio.**

**A proba extraordinaria será organizada polo centro e levarase a cabo do 13 ao 17 de Xuño.**

O proceso do exame será o seguinte:

- O profesor ou tribunal poderá pedir ao alumno que realice **algún exercicio de técnica**, estudo, estudo de mecanismo, progresión de acordes, liña de guitarra rítmica, etc, dos correspondentes ao curso.

- O alumno terá que realizar un exercicio de **lectura a primeira vista dacordo ao nivel** e aos criterios empregados durante o curso.
- O alumno deberá interpretar un mínimo de **tres Obras, a petición do profesor ou tribunal do exame**, de entre as correspondentes á programación dese curso concreto, polo menos unha delas de memoria, empregando a medida, afinación, dinámica, articulación e fraseo adecuados ao seu contido, cunha utilización adecuada do esforzo muscular e da respiración e demostración do dominio instrumental sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.

### 5.10.5. Recursos Didácticos

A selección seguinte inclúe temas, estudos e obras recomendadas para o curso correspondente:

Estudos:

- Estudos de Jazz: A determinar polo profesor, estudos incluídos nos libros:
  - NOTHIN' BUT BLUES, J. Aebersold.
  - JAZZ GUITAR, J. Schroedl.
  - JAZZ GUITAR SONGS, Hal Leonard Ed.
  - JAZZ-ROCK FUSION, Mark Hulls.
  - JAZZIN' THE BLUES, John Ganapes e David Ross.
  - THE II-V7-I PROGRESSION, J. Aebersold.
  - LATIN GUITAR, Bruce Buckingham.
  - JOE PASS GUITAR METHOD, Joe Pass.
  - GUITAR ETUDES, Pat Metheny.
  - MAJOR & MINOR IN EVERY KEY, Learn to Improvise Jazz, J. Aebersold.
- Estudos de "Tapping":
  - ✓ *DAY AT THE BEACH, Joe Satriani.*
- Estudos Desenrolo Melódico e Improvisación:
  - ✓ *BLUE BOSSA, Kenny Dorham.*
  - ✓ *BLUE MONK, Thelonius Monk.*
  - ✓ *TUNE'S UP, FREDDIE THE FREELOADER, Miles Davis.*
  - ✓ *BESSIE'S BLUES, John Coltrane.*
  - ✓ *AUTUMN LEAVES, J. Kosma.*
- Repertorio de Standards do Jazz: Obras a escoller segundo os criterios seguintes:
 

Cadernos de obras:

  - GREAT JAZZ STANDARDS ANTHOLOGY FOR GUITAR, Fred Sokolow (Alfred).
  - GREAT JAZZ STANDARDS OF DUKE ELLINGTON, Fred Sokolow (Alfred).
  - 10 GUITAR HITS, Phillipe Ganter.
  - FAMOUS JAZZ GUITAR SOLOS, Ivor Mairants.
- Obras a determinar polo profesor. Obras de autores do Jazz: Obras a determinar de diversos autores e estilos: pezas estándares. A modo orientativo:
  - ✓ *BLUES FOR ALICE, Charlie Parker.*
  - ✓ *IN A MELLOW TONE, Duke Ellington.*
  - ✓ *I REMEMBER YOU, Mercer/Schertzinger.*
  - ✓ *MOONLIGHT IN VERMONT, Suessdorf/Blackburn.*



- ✓ *HOW INSENSITIVE (INSENSATEZ), Antonio Carlos Jobim.*
- ✓ *WEST COAST BLUES, Wes' Montgomery.*
- ✓ *OLEO, Sonny Rollins.*
- ✓ *SO WHAT, Miles Davis.*
- ✓ *HONEYSUCKLE ROSE, I'LL SEE YOU IN MY DREAMS, Django Reinhardt.*
- ✓ *MR. SANDMAN, Chet Atkins.*
- ✓ *3º Movemento do INVERNO, 3º Movemento do VERÁN, Antonio Vivaldi.*
- ✓ *I DON'T KNOW, O. Osbourne.*
- ✓ *FADE TO BLACK, Metallica.*
- ✓ *IMPOSSIBLE GERMANY, Wilco.*
- ✓ *CANON ROCK, Jerry C.*
- Estudos e exercicios de Jazz-Blues, Arpexios II-V-I e Solos en tons de acorde para guitarra de jazz.

## 6. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Os procedementos para que o departamento coordine, valore e revise o axeitado desenvolvemento das súas programacións didácticas, incluíndo esta, así como os seus resultados serán as reunións de Departamento: aproveitaranse para facer achegas, críticas, e calquera tipo de aportación sobre o funcionamento no día a día das programacións.

Ao longo do curso o Departamento de Corda Pulsada empregará as reunións para levar a cabo as seguintes actividades:

- Posta en común dos criterios indicados na programación.
- Análise dos resultados obtidos polos alumnos en función dos obxectivos en cada unha das audicións.
- Adaptación da programación segundo as necesidades específicas de cada un dos profesores.
- Ao remate do curso realizarase unha avaliación da programación en función dos obxectivos fixados e os resultados acadados.

## **7. PROCEDIMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO**

O Departamento promoverá unha serie de reunións coa Comisión Pedagóxica, ao longo do curso académico, co obxecto de acadar unha posta en común dos seus obxectivos, valoracións, avaliacións, seguimento da programación, etc..., atendendo ás impresións da cada un dos membros do Departamento e valorando o grao de comunicación, coordinación e efectividade do traballo acadado durante o curso, revisión do material, unificación nas posibles formas de abordar e ensinar os diferentes aspectos contidos da programación, así como calquera incidencia acontecida no marco da actividade académica, medidas de atención á diversidade, actuacións naqueles casos de non cumprir os obxectivos programados, etc.

Nas propias reunións do Departamento estableceranse os criterios a seguir e actuacións por parte de todo o profesorado do Departamento

## 8. ANEXOS

### 8.1. CRITERIOS PARA A OBTENCIÓN DOS PREMIOS DE FIN DE GRAO

Acórdase, para a obtención do Premio Fin de Grao de Guitarra Eléctrica, realizar unha proba ante un Tribunal na que se interpretará, polo menos, dúas obras de diferentes estilos correspondentes ao repertorio abaixo mencionado. O exame, público, realizarase no mes de xuño.

#### CALENDARIO DA PROBA DE FIN DE GRAO

**Segundo o disposto nas Instrucións da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional para a aplicación do Calendario do Curso 2021/2022 e a Orde do 19 de Maio de 2021 da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, as probas para a concesión do Premio de Fin de Grao nas ensinanzas profesionais de Música e Danza non se realizarán despois da data do 10 de Xuño. O calendario destas probas será exposto públicamente nos meses de Maio-Xuño nos taboleiros de información xeral do Conservatorio, no taboleiro do Departamento e na páxina web do Conservatorio.**

Repertorio, a modo orientativo:

Obras de autores do Jazz: Pezas estándares. A modo orientativo:

- *MISTY*, Errol Garner.
- *SATIN DOLL*, Duke Ellington.
- *MR. SANDMAN*, Chet Atkins.
- *BLUESETTE*, Thielemans/Gimbel.
- *SWING 42*, Django Reinhardt.
- *BILLIE'S BOUNCE*, Charlie Parker.
- *HONEYSUCKLE ROSE*, Thomas Waller.
- *I'LL REMEMBER APRIL*, Johnston/Raye/De Paul.
- *ST. THOMAS*, Sonny Rollins.
- *ALL BLUES*, Miles Davis
- *YESTERDAYS*, Harbach/Kern.
- *ALL THE THINGS YOU ARE*, Jerome Kern.
- *ON GREEN DOLPHIN STREET*, B. Kaper.
- *AUTUMN LEAVES*, Joseph Kosma.
- *BLUE BOSSA*, Kenny Dorham.
- *BLUE MONK*, Thelonius Monk.
- *TUNE'S UP*, Miles Davis.
- *BLUES FOR ALICE*, Charlie Parker.
- *IN A MELLOW TONE*, Duke Ellington.
- *I REMEMBER YOU*, Mercer/Schertzing.
- *MOONLIGHT IN VERMONT*, Suessdorf/Blackburn.
- *INSENSATEZ*, Antonio Carlos Jobim.
- *OLEO*, Sonny Rollins.

- *SO WHAT*, Miles Davis.
- *ROSETTA*, Earl Hines.
- *LOVE FOR SALE*, Cole Porter.
- *MINOR SWING, I'LL SEE YOU IN MY DREAMS*, Django Reinhardt.

## **MODELO DE PROGRAMA DE RECITAL DE FIN DE GRAO PROFESIONAL**

O alumno interpretará un programa dunha duración non inferior a 20 minutos integrado por obras de diferentes épocas e estilos.

## 8.2. PRBAS DE ACCESO DE 1º DE GRAO PROFESIONAL

### CALENDARIO DAS PRBAS DE ACCESO

Segundo o disposto nas Instruccións da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional para a aplicación do Calendario do Curso 2021/2022 e a Orde do 19 de Maio de 2021 da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, as probas de acceso pasan a ter lugar no mes de Xuño. O calendario destas probas será exposto públicamente nos meses de Maio-Xuño nos taboleiros de información xeral do Conservatorio, no taboleiro do Departamento e na páxina web do Conservatorio.

As probas de acceso a outros curso de Grao Elemental e Profesional que non sexan os de 1º desenvolveranse no mes de Xuño, a partir do día 20 e de acordo co calendario específico elaborado polo centro.

As probas de acceso ao 1º Curso de Grao Elemental desenvolveranse a partir do 30 de Maio, dacordo co calendario específico elaborado polo centro.

As probas de acceso ao 1º Curso de Grao Profesional desenvolveranse a partir do día 23 de Maio, dacordo co calendario específico elaborado polo centro.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Amosar unha correcta posición do corpo e o instrumento na execución musical das obras requiridas.
2. Amosar un dominio técnico acorde co nivel das pezas esixidas e cos obxectivos requiridos para a superación do 4º curso do grao elemental, nos seguintes apartados: acordes, escalas, afinación, lectura, memoria, presillas, ligados.
3. Interpretar **TRES Obras** das propostas no repertorio orientativo: de xeito obrigatorio:
  - ✓ *NO PARTICULAR PLACE TO GO, Chuck Berry.*
  - ✓ *I SAW HER STANDING THERE, Lennon-McCartney.*
  - ✓ *CAN'T EXPLAIN, Pete Townsend.*

Nesta proba de interpretación o alumno deberá amosar un dominio suficiente dos seguintes apartados técnicos:

- Movements de puga e contrapuga e control de son na man dereita,
- Acompañamentos rítmicos: rasgueados, arpexiados e técnica do “palm-mute” (apagados),
- Sistemas de posicións (dixitacións ata a 5ª posición e notas ata o traste XII nas cordas 1, 2, 5 e 6);
- Cifrados de acordes maiores, menores e sétima de dominante;
- Ligados, glissandos (slide), desprazamentos e salto de dedos, tresillos, estiramientos (bending), vibrato, mordentes;
- Patróns transportables de dixitación de escalas maior, menor, pentatónica e cromática;

- Acordes con presilla nas formas de E, Em, E7 e A, Am, A7 e acordes en posición aberta maiores, menores e sétima de dominante; acordes de quintas (ou de “potencia”) e recoñecemento de oitavas no diapasón.

## PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

O exame constará dunha **Proba instrumental**: interpretarán **TRES obras** pertencentes á lista de obras adxuntas. Os alumnos están obrigados a presentar as partituras orixinais ao tribunal xunto con dúas fotocopias das mesmas. Ademais, os que opten á proba deberán facer un exercicio de lectura a primeira vista dunha obra que lles facilitará o tribunal.

O alumno deberá superar tamén unha **Proba de Linguaxe Musical**: o exercicio constará de varias partes (Lectura, Teoría, Entoación e Ditado) nas que se avaliarán os contidos que os alumnos teñen que superar no 4º curso de Grao Elemental. Para consultar os criterios de avaliación da proba de linguaxe musical deberán consultar a programación de dita materia.

Cada un dos exercicios anteriores puntuarase de cero a dez, tendo a obriga de obter un mínimo de cinco puntos en cada exercicio para superar a proba. A nota final será a ponderación dos dous exercicios cun valor do 70% a proba instrumental e un 30% a de coñecementos de linguaxe musical.

## BIBLIOGRAFÍA

Ver bibliografía recomendada para o 4º Curso de G. E. na Programación Oficial de Guitarra Eléctrica.

### 8.3. PROBAS DE ACCESO

#### CALENDARIO DAS PROBAS DE ACCESO

Segundo o disposto nas Instrucións da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional para a aplicación do Calendario do Curso 2021/2022 e a Orde do 19 de Maio de 2021 da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, as probas de acceso pasan a ter lugar no mes de Xuño. O calendario destas probas será exposto públicamente nos meses de Maio-Xuño nos taboleiros de información xeral do Conservatorio, no taboleiro do Departamento e na páxina web do Conservatorio.

As probas de acceso a outros curso de Grao Elemental e Profesional que non sexan os de 1º desenvolveranse no mes de Xuño, a partir do día 20 e de acordo co calendario específico elaborado polo centro.

As probas de acceso ao 1º Curso de Grao Elemental desenvolverase a partir do 30 de Maio, dacordo co calendario específico elaborado polo centro.

